

PREÁMBULO CRITERIOS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA

Recóllense neste documento os requisitos específicos que deberán ser tidos en conta na construción de Centros de Atención á Infancia, e que complementan ó Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. Trátase de criterios de carácter funcional referidos a emprazamento, configuración dos espazos tanto interiores como exteriores e a esixencias de deseño e características de materiais, mobiliario e instalacións.

Neste documento preséntanse as propostas de criterios divididas en dúas categorías:

- Na primeira englobanse *criterios mínimos*. Son os criterios de aceptación/rexeitamento nos que se concretan os requisitos xerais establecidos no citado Decreto 329/2005.
- Na segunda categoría, denominada *Criterio de deseño*, inclúense características e dimensións que poden ser tidas en conta na realización de proxectos, e que deben ser consideradas a título indicativo, como meras recomendacións que optimizan a funcionalidade dos centros.

Para a autorización administrativa sectorial de autorización será requisito indispensable o cumprimento da normativa sectorial en materia de servizos sociais que lle sexa de aplicación e dos criterios mínimos contidos neste documento, sen prexuízo do resto de lexislación de carácter xeral, conforme ás características do uso previsto para o desenrolo da súa actividade, que deberá ser comprobado polos órganos administrativos de control que correspondan.

A modo informativo e sen carácter limitativo, deberá terse en conta o cumprimento dos requisitos esixidos relativos a:

- Normas Sanitarias
 - Cumprimento do Real Decreto 3484/2000 de 29 de Decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.
- Normativa de Edificación e relativas a cada instalación
 - Cumprimento do CTE, Regulamentos e Instrucións Técnicas específicas para cada tipo de instalación.
- Condições dos espazos de traballo.
 - Cumprimento do Real Decreto 486/1997 de 14 de Abril polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Cumprimento da Normativa urbanística, e outras autorizacións administrativas
 - Teranse en conta a aplicación das ordenanzas municipais nos ámbitos de tramitación, aprobación, implantación, execución e funcionamento do centro, en especial dos requisitos descritos no artigo 9 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para a consecución da licenza urbanística.
 - Outras como a normativa relativa á chans contaminados, impacto ambiental, defensa do patrimonio cultural etc. segundo o caso

Requisitos Comúns dos Centros Atención a Infancia:

	Criterio aceptación/rexeitamento	Criterio de deseño
Ubicación	<ul style="list-style-type: none"> - O centro será un conxunto indivisible, salvo organización modular, todas as súas estadias e estancias estarán comunicadas polo interior. As escolas infantís non poderán organizarse en edificios, módulos e/ou bloques inconexos. Conxunto indivisible e comunicado térmicamente. - Estarán situados en locais de uso exclusivo, en planta baixa [considerando como tal aquela planta que conte con acceso directo dende zonas de uso público a mesma cota] con acceso independente dende o exterior. Poderán abarcar ademais outras plantas, sempre e cando contén con comunicación interior exclusiva, independente e accesible. 	<ul style="list-style-type: none"> - Zona urbanizada. - Aparcamento e apeadoiro na parcela ou proximidades.
Caso de ubicación en polígonos empresariais e/ou industriais	<p>Requiren informe previo sobre a viabilidade de emprazamento.</p> <p>Criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - En parcelas separadas de actividade industrial. - Non estarán adosadas a naves ou establecementos susceptible de actividades perigosas. - En edificacións illadas, salvo en edificios de uso dotacional, administrativo ou de servizos compatible e xustificado. - Tomaranse medidas correctoras precisas de protección contra: tráfico, ruído, contaminación, etc. - Estudaranse as condicións sensibles do patio. 	<ul style="list-style-type: none"> - Memoria urbanística xustificando usos. - Certificado/informe municipal sobre actividades da zona e a súa compatibilidade con centro. - Ubicaranse preferentemente no exterior do perímetro do polígono e lindante con este. - Existencia de contorno urbanizado e axardinado, privado ou público que protexa ao edificio das condicións exteriores.
Espazos exteriores	<ul style="list-style-type: none"> - As parcelas e/ou patios de xogo [con peche directo a zonas públicas] estarán cercados e protexidos ata unha altura 1,50 m. - Cercados e peches seguros. Dimensións segundo DB-SUA [tanto elementos e proteccións exteriores como interiores]. [criterio de deseño Norma UNE-EN: 1930/2001] - Elementos de xogo: cumprimento do decreto 245/2003. 	<ul style="list-style-type: none"> - Desaconséllase o uso de areeiros descubertos, charcas e/ou estanques. - As zonas de exterior que queden fora do campo de visión das zonas de xogo quedarán delimitadas por valado. - No deseño de zonas axardinadas e arboradas terase en conta a idoneidade da vexetación co uso infantil.
Iluminación e ventilación	<ul style="list-style-type: none"> - As aulas e as salas de usos múltiples contarán con iluminación e ventilación directa suficiente, entendendo como tal se cumpre os criterios de superficie das zonas de estar no Decreto 29/2010. A estes efectos, computarase tan só a superficie situada por debaixo de 2,50m. de altura. - A iluminación e ventilación cenital [lucernarios ou similares] irá acompañada de elementos de carpintería nos cerramentos verticais. Exceptúase o caso da sala de usos múltiples. - Nas aulas e salas de usos múltiples, existirán elementos de carpintería distintos a portas, que garantan a ventilación, impedindo a fuxida os menores. 	<ul style="list-style-type: none"> - As carpinterías con aperturas elevadas, incómodas e/ou inaccesibles contarán con mecanismos eléctricos ou mecánicos [non sendo adecuadas as pértigas, bastóns, nin elementos similares] - Priorizarase a utilización de elementos pasivos de protección solar, control lumínico, ventilacións, etc recollidos dentro dos conceptos da arquitectura bioclimática. - Altura das manillas: 130 a 150cm.

	<ul style="list-style-type: none"> - As zonas de descanso interiores contarán con ventilación suficiente [directa, indirecta a través a aula e/ou directa de forma mecánica ou forzada]. 	
Carpinterías [portas e ventás]	<ul style="list-style-type: none"> - Non existirán elementos sobresaíntes, nin elementos de carpintería cunha apertura interior abatible de eixo vertical á altura dun neno/a [inferior a 1,30 m]. Tampouco existirán peanas ás que se poidan subir. - Vidros interiores e exteriores laminares ou templados por debaixo de 150 cm. Os posibles espellos tamén serán de seguridade. <p>Cando os nenos poidan estar a ambos lados do acristalamento exterior, cumprirase este requisito en ambas caras.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os lucernarios que poidan ser obxecto de rotura terán protección contra a caída dos vidros. 	<ul style="list-style-type: none"> - Carpinterías de serie redondeada, redondeando follas, marcos, guarnicións e rodapés.

Tipoloxía centro: Escola Infantil		
	Criterio aceptación/rechazo	Criterio de deseño
Configuración	<ul style="list-style-type: none"> - Conxunto indivisible [salvo organización modular]. - Mínimo 3 unidades: <ul style="list-style-type: none"> o 0-1 anos: 8 nenos/as o 1-2 anos: 13 nenos/as o 2-3 anos: máximo 20 nenos/as [40 m2] - Excepcionalmente, posibilidade de agrupacións con distinto nivel de idades segundo demanda e valoración previa polo Servizo de Inspección. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoméndase a reserva dunha zona para o aparcamento de carriños (non accesible a nenos e separada por algún elemento polo menos a media altura, dotada de barras para colgar os carriños); e outra/s para o almacenaxe de elementos varios.
Sala usos múltiples	<ul style="list-style-type: none"> - Superficie útil mínima: 30 m². - Con zonas de paso: 40 m2 e 3,30 m mínimo entre paramentos. 	<ul style="list-style-type: none"> - En EI con máis de 3 unidades: recomendación de 40 m2 mínimos útiles. - Configurado de maneira que resulte unha superficie útil suficiente para o xogo e esparexemento cómodo dos menores. - Non se proxectaran como grandes zonas de paso. - Contará con zona de hixiene infantil visible e accesible dende a sala. - Con acceso directo á cociña e/ou office, no caso de que se dean comidas.
Aulas	<ul style="list-style-type: none"> - Non poderán ser de paso obrigado para o acceso a outra estada. - Superficie útil mínima: 30 m² [incluído zonas de descanso, e zonas de hixiene ata un máximo de 4m² por aseo e 7m² en caso de aseo compartido, que se repartirá proporcionalmente entre as dúas aulas]. - Ancho mínimo 3,30 m [*], a excepción das zonas de hixiene e aseos [cos límites sinalados no punto anterior] e zonas ou rincóns que non representen mais dun 10% da superficie da aula. Os espazos que non cumpran os requisitos anteriores non computarán para o cálculo da superficie mínima da aula. <p>[*] Por ancho mínimo enténdese a distancia total entre paramentos da aula, aínda que poidan existir separacións fixas ou móbiles para delimitar zonas de descanso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Enchufes de seguridade ou tapa e instalaranse a unha altura a partir de 1,50 m. <p>Organización xeral aulas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aula 0-1 anos: total superficie 42 m² <ul style="list-style-type: none"> o Xogo, gateo e preparación alimentos: 26 m² o Descanso 12 m² o Hixiene 4 m² - Aula 1-2 anos: total superficie 45 m² <ul style="list-style-type: none"> o Xogo, gateo e descanso: 40 m² o Hixiene 5 m² - Aula 2-3 anos: total superficie 45 m² <ul style="list-style-type: none"> o Xogo, gateo e descanso: 40 m² o Hixiene 5 m² <p>Por versatilidade a aula 1-2 ten as mesmas dimensións que a aula 2-3.</p> <p>Nas aulas 1-2 e 2-3 a zona de descanso delimitarase por dispositivos móbiles ou elementos de oscurecemento (cortinas, estores)</p>
Zonas de	<ul style="list-style-type: none"> - Requiridas nas aulas destinadas a menores de 2 anos. [0-1 anos e 1-2 anos] 	<ul style="list-style-type: none"> - Superficie mínima requirida 12 m2.

descanso	<ul style="list-style-type: none"> - Delimitada e con acceso e control visual directo dende zona gateo. - Delimitación: <ul style="list-style-type: none"> o 0-1 anos: compartimentación con elementos fixos. o 1-2 anos: elementos flexibles [mobles, biombos, vallas, etc] incluso baixos. - Control visual: zonas acristaladas a partir dunha altura máxima de 1,30 m. - Non contarán con elementos húmidos. - Non poderán ser zonas de paso para outras zonas. 	<ul style="list-style-type: none"> - No caso de aulas de 0-1 anos, disporán de capacidade para aloxar 8 berces preferiblemente con acceso lateral.
Zonas de hixiene	<ul style="list-style-type: none"> - Delimitada e con acceso e control visual directo dende zona gateo. - Elementos: <ul style="list-style-type: none"> o 0-1 anos: mesado – cambiador con bañeira pediátrica con toma e evacuación de auga fría e quente. o 1-2 anos: 1 mesado – cambiador con bañeira pediátrica e 1 inodoro e 1 lavabo de tamaño axeitado. o 2-3 anos: 2 inodoros e 2 lavabos de tamaño axeitado. - Delimitación: <ul style="list-style-type: none"> o Mesados cambiadores [bañeiras pediátricas] poderán ir directamente na zona de gateo. o Inodoros e lavabos en zonas de hixiene compartimentadas e pechadas. - Control visual: zonas acristaladas a partir dunha altura máxima de 1,30 m. 	<ul style="list-style-type: none"> - Superficie mínima requirida 4 m2. - Elementos para versatilidade das aulas: <ul style="list-style-type: none"> o 0-1 anos: mesado – cambiador con espellos e con bañeira pediátrica con toma e evacuación de auga fría e quente e 1 inodoro e 1 lavabo (versatilidade para aula 1-2 anos) o 1-2 anos: 1 mesado – cambiador con espellos e con bañeira pediátrica e 2 inodoros e 2 lavabos (versatilidade para aula 2-3). o 2-3 anos: 2 inodoros e 2 lavabos de tamaño axeitado e moble cambiador con espellos e bañeira pediátrica (total versatilidade) - Lavabos infantís: sobre 45 cm de altura dende o chan. - A zona de hixiene das aulas 0-1 anos preferiblemente pechadas e con acceso e control visual dende a zona de gateo. - Moble cambiador, mínimo 100 cm e bañeira 80 cm. O conxunto de bañeira e cambiador terá unha lonxitude entre 1,80 m e 2,00 m. - Incluirá un moble para a almacenaxe de cueiros e outros elementos de limpeza. - Casilleiros de 20 x 20 cm para todos os nenos/as. Finalizade: albergar cueiros, facilmente alcanzables dende o cambiador. Necesidade: <ul style="list-style-type: none"> o Aula 0-1: 8 casilleiros. o Aulas 1-2 : 13 casilleiros. o Aula 2-3 anos: 20 casilleiros.
Zonas compartidas	<ul style="list-style-type: none"> - Acceso e control visual directo dende as zonas de gateo de cada aula. - O cómputo superficial repartirase equitativamente entre cada aula. - Zona hixiene: <ul style="list-style-type: none"> o Dúas aulas 2-3 anos: 3 inodoros e 3 lavabos. o Dúas aulas 1-2 anos: 1 inodoro, 1 lavabo, 1 bañeira pediátrica e 2 mesados-cambiadores. o Dúas aulas 0-1 anos: 2 mesados-cambiadores e 1 bañeira pediátrica. 	<ul style="list-style-type: none"> - Zona hixiene: Instalaranse as dotacións necesarias para cada unha das aulas. - Zona descanso: superficie suficiente. - Recoméndase instalar dotacións que permitan posibles cambios no rango de idades das aulas. - Zona hixiene: <ul style="list-style-type: none"> o Dúas aulas 2-3 anos: 4 inodoros e 4 lavabos.

	<ul style="list-style-type: none"> ○ Outras configuracións: dependendo das necesidades de cada aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Dúas aulas 1-2 anos: 2 inodoros e 2 lavabos ○ Dúas aulas 0-1 anos: 1 inodoro, 1 lavabo, 1 bañeira pediátrica e 2 mesados cambiadores.
Zona de preparación de alimentos	<ul style="list-style-type: none"> - Como mínimo un office que de servizo a tódalas aulas. - Dependendo das necesidades do centro, pode consistir nun espazo integrado na sala de usos múltiples debidamente protexido. - Dotacións mínimas: Mini-frigorífico, fregadeiro, placa vitrocerámica ou forno microondas, e lavavaixelas: 90 º polo Decreto 3484/2000) 	<ul style="list-style-type: none"> - Cociña con 2 zonas de agua (limpo e sucio), cociña, frigoríficos e/ou conxelador, lavavaixelas. Contará con despensa, cuarto de lixo e limpeza. - Aulas: encimeira e fregadeiro de 1 seno pequeno. Bases de enchufes (microondas, esterilizadores, etc) a 1,50 m de altura.
Despacho Dirección	<ul style="list-style-type: none"> - A parte da preceptivo espazo de zona de espera. - Estará compartimentado [pechado de solo a teito], permitindo celebrar reunións cun mínimo de privacidade. 	<ul style="list-style-type: none"> - Preferiblemente ubicado en zona anexa á entrada do centro e con zonas acristaladas que permitan o control visual dos usuarios. - Superficie útil aproximada de 10 m2, suficiente para a realización de reunión dun mínimo de 3-4 adultos. - A maiores do despacho de Dirección, disporase un despacho como sala de xuntas, esperas e densenrolo tarefas polo equipo profesional. - Con capacidade de maniobra sobre os cadros de instalacións, telefonía, protección contra incendios, rede e datos.
Aseo/vestiario	<ul style="list-style-type: none"> - A El contará cun aseo accesible para usuarios externos e un vestiario para persoal. Poderán coexistir nun único local, sempre e cando sexa accesible dende zonas comúns de circulación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Un aseo xeral adaptado. - Un vestiario homes - Un vestiario mulleres
Patios de xogo	<ul style="list-style-type: none"> - De uso exclusivo. - Cando se utilice unha zona de uso comunitario, pública ou privada, precisarase oportuna autorización de uso e de exclusividade, no horario de utilización. Requerirán xustificación das súas características e autorización previa por parte do Servizo de Inspección. - Non se permitirán aqueles que para o seu acceso requira o cruce de vías de tráfico rodado. - Distancia máxima de percorrido polos menores para o seu acceso será de 50 m, medida dende a arista exterior do establecemento mais próxima ó patio. Para mais distancia, requirirase xustificación e autorización previa por parte do Servizo de Inspección. - Cercado segundo o establecido nos requisitos comúns. - Nos situados baixo ventás de edificios, instalaranse marquesiñas, toldos ou elementos protectores de caídas de obxectos. - O dimensionado dos <u>patios de mazá</u> cumprirá as condicións do decreto 29/2010, especialmente no relativo á iluminación e ventilación. 	<p>Para toda a tipoloxía de patio, e de forma xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acceso directo dende sala usos múltiples. - Procurarase o acceso directo dende cada aula. - Organizarase por espazos de xogo. - Contará con zonas de sol e de sombra. - Contará con espazos cubertos e protexidos da choiva. - Preferiblemente zonas de chans con texturas diferentes (herba, caucho, area e/ou zona de terra para horto).

	<ul style="list-style-type: none">- Os <u>patios interiores cubertos</u>: trataranse e configuraranse como zonas exteriores, abertas [non son outra sala de usos múltiples]. Iluminación e ventilación: 1/3 superficie en planta do cal ½ poderase abrir.- Acceso directo dende sala usos múltiples ou ben dende todas e cada una das aulas.	
--	---	--

Tipoloxía centro: Puntos de Atención á Infancia [PAI]		
	Criterio aceptación/rechazo	Criterio de deseño
Configuración	<ul style="list-style-type: none"> - Local con superficie útil mínima 70 m²: distribuído en distintas zonas. - Terá organización e distribución de espazos razoable, de tamaño segundo as necesidades e utilización das zonas. - Capacidade máxima 20 usuarios/as. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoméndase a reserva dunha zona para o aparcamento de carriños; e outra/s para o almacenaxe de elementos varios. - No caso de contar con patio ou zona exterior, estarase ao disposto ao respecto para EI.
Zona de preparación de alimentos	<ul style="list-style-type: none"> - Como mínimo un office que de servizo á aula. - Dependendo das necesidades do centro, pode consistir nun espazo integrado na sala de usos múltiples debidamente protexido. - Dotacións mínimas: Mini-frigorífico, fregadeiro, placa vitrocerámica ou forno microondas e lavavaixelas: 90 º polo Decreto 3484/2000 	<ul style="list-style-type: none"> - Cociña con 2 zonas de agua (limpo e sucio), cociña, frigoríficos e/ou conxelador, lavavaixelas.
Zonas de descanso	<ul style="list-style-type: none"> - Delimitada e con acceso e control visual directo dende zona gateo. - Delimitación: compartimentación con elementos fixos ou móbiles. - Control visual: zonas acristaladas a partir dunha altura máxima de 1,30 m. - Non conterán con elementos húmidos. - Non poderán ser zonas de paso para outras zonas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Superficie mínima requirida 12 m². - Garantirase a tranquilidade e descanso dos menores.
Zonas de hixiene	<ul style="list-style-type: none"> - 2 inodoros e 2 lavabos de tamaño axeitado ás idades dos usuarios e 1 mesado cambiador [bañeira pediátrica] con toma e evacuación de auga fría e quente. - Con acceso e control visual directo dende zona gateo. - Delimitación: <ul style="list-style-type: none"> o Mesados cambiadores con bañeiras pediátricas poderán ir directamente na zona de gateo. o Inodoros e lavabos en zonas de hixiene compartimentadas e pechadas. - Control visual: zonas acristaladas a partir dunha altura máxima de 1,30 m. - A parte dos aseos infantís para os menores usuarios do centro, disporase, como mínimo, un aseo de adultos para o persoal independente habilitado para persoas con discapacidade, accesible dende zonas comúns de circulación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Superficie mínima requirida 4 m². - Lavabos infantís: sobre 45 cm de altura dende o chan. - Moble cambiador, mínimo 100 cm e bañeira 80 cm. O conxunto de bañeira e cambiador terá unha lonxitude entre 1,80 m e 2,00 m. - Incluirá un moble para a almacenaxe de cueiros e outros elementos de limpeza. <p>[Idem EI]</p>
Despacho	<ul style="list-style-type: none"> - A parte da preceptivo espazo de zona de espera. - Estará compartimentado [pechado de solo a teito], permitindo celebrar reunións cun mínimo de privacidade. 	<ul style="list-style-type: none"> - Preferiblemente ubicado en zona anexa á entrada do centro e con zonas acristaladas que permitan o control visual dos usuarios. - Superficie útil aproximada de 10 m², suficiente para a realización de reunión dun mínimo de 3-4 adultos. - Con capacidade de manobra sobre os cadros de instalacións,

		telefonía, protección contra incendios, rede e datos.
--	--	---

Tipoloxía centro: Espazos Infantís		
	Criterio aceptación/rechazo	Criterio de deseño
Configuración	<ul style="list-style-type: none"> - Conxunto indivisible: estancias comunicadas polo interior, térmicamente acondicionado. Non en edificios, módulos ou bloques inconnexos. - Aula por grupo autorizado: 2-4 anos e 5-8 anos. De 30 m2 e 2 m2 por neno/a. - Zona diferenciada para 2-3 anos dentro da aula 2-4 anos. Dita zona terá: acceso e control visual directa á zona de hixiene, e zona reservada para o descanso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoméndase a reserva dunha zona para o aparcamento de carriños; e outra/s para o almacenaxe de elementos varios. - A parte da preceptiva recepción, habilitarase un despacho, ou dirección para a tramitación de documentación, e atención de posibles reunións.
Zonas de hixiene	<ul style="list-style-type: none"> - Aula 2-4 anos: acceso e control visual directo dende a zona destinada a 2-3 anos. - Mínimo de 1 inodoro e 1 lavabo por grupo autorizado. - A parte dos aseos infantís para os menores usuarios do centro, disporase, como mínimo, un aseo de adultos para o persoal independente, habilitado para persoas con discapacidade, accesible dende zonas comúns de circulación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Superficie mínima requirida 4 m2. - A zona de hixiene destinada a menores de 2-3 anos contará cun mesado cambiador con bañeira pediátrica con toma e evacuación de auga fría e quente. - Lavabos infantís pequenos: sobre 45 cm de altura dende o chan. - Moble cambiador, mínimo 100 cm e bañeira 80 cm. O conxunto de bañeira e cambiador terá unha lonxitude entre 1,80 m e 2,00 m; cun fondo de 80 cm. - Incluirá un moble para a almacenaxe de cueiros e outros elementos de limpeza. <p>[Idem EI]</p>

Tipoloxía centro: Ludotecas		
	Criterio aceptación/rechazo	Criterio de deseño
Configuración	<ul style="list-style-type: none"> - Non se consideran ludotecas os establecementos creados no contexto doutra actividade principal, coa finalidade de proporcionar un lugar de espallamento infantil, centros de ocio, etc. - Regularase e controlarse vía municipal, a prohibición de aparcamento de vehículos diante da porta do centro. - Contarán cunha recepción na entrada principal do centro. - Os aseos, serzivos hixiénicos, non computan dentro da superficie mínima requirida para cada aula [50 m2 e 2,5 m2 por menor] - Capacidade do centro, condicionada por: ratio coudador/neno-a; número e disposicións dos aseos e das portas de saída. - As aulas do grupo de idade 6-12 anos poderá ser zona de paso ás aulas de 2-6 anos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Organización ludoteca 2-12 anos: <ul style="list-style-type: none"> o Aulas de 2-6 anos, con espazo diferenciado para o rango de idades de 2-3 anos, con visibilidade e acceso directo á zona de hixiene. o Aulas de maiores de 6 a 12 anos. - Admítese a posibilidade de non prestar servizo a menores de 2-3 anos.
Centros que acollen a nenos/as de 2-3 anos	<ul style="list-style-type: none"> - Espazo diferenciado ou quendas e tempos diferenciados e uso exclusivo das salas. - Os seus aseos serán visibles e accesibles dende a propia sala. Control visual: zonas acristaladas nos tabiques e/ou portas a partir dunha altura máxima de ao redor de 1,30 m. - Medidas de seguridade: as establecidas no art.20 do decreto 329/2005. 	<ul style="list-style-type: none"> - Especial atención ás medidas de seguridade, proteccións, etc. - Búsqueda da motivación e ensinanza a través do xogo: organización e decoración dos espazos.
Deseño de portas e ventás	<ul style="list-style-type: none"> - Criterios de funcionalidade e seguridade: de forma xeral, de aplicación o establecido para o caso de EI, e cumprimento do DB-SUA, DB-SI, decreto 35/2000. - A regulación do número e características das portas de acceso que ven recollida no Decreto 35/2003 de Ludotecas enténdese derogado pola posterior aprobación do Código Técnico da Edificación [en concreto, CTE-DB-SI e SU], polo que o seu deseño deberá axustarse a este. 	<ul style="list-style-type: none"> - As saídas requiridas por motivos de evacuación, cumprirán todo o establecido ao respecto no DB-SI: condicións, dimensións, características dos recorridos, saídas alternativas, etc.
Servizos hixiénicos	<ul style="list-style-type: none"> - Tamaño axeitado ás idades dos usuarios/as. - Proporción: 1 aseos con 2 inodoros e 2 piletas por cada 20 prazas. - Dotacións proporcionais á capacidade [posibilidade de: 3 inodoros e 3 lavabos por 30 prazas]. - Aseos destinados a menores de 2-3 anos, serán visibles e accesibles dende a propia sala. - A parte dos aseos infantís para os menores usuarios da ludoteca, disporase, como mínimo, un aseos para adultos independente accesible dende zonas comúns de circulación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Configuracións dos aseos: <ul style="list-style-type: none"> o Inodoros individuais dentro do aseos, de tamaño normalizado, para o rango de idades: maiores de 6 a 12 anos. o Aseos para menores de 2-6 anos: no caso de 2 inodoros e 2 lavabos, un xogo normalizado e outro pequeno [rango 2-3 anos] sen compartimentación interior este último. Rango 2-3 anos: recoméndase instalación de mesado-cambiador.
Iluminación e ventilación	<ul style="list-style-type: none"> - As salas contarán con iluminación e ventilación directa suficiente, entendendo como tal se cumpre os criterios de zonas de estar no Decreto 29/2010. - A iluminación e ventilación cenital [lucernarios ou similares] irá acompañada de elementos de carpintería nos cerramentos verticais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprobarase vía municipal as condicións mínimas de calidade de aire interior [cumprimento do HS-3 e RITE] - En lugares moi expostos ao soledamento, e/ou con temperaturas elevadas, instalarse sistema de climatización-aire acondicionado.

	<ul style="list-style-type: none"> - As carpinterías con aperturas elevadas, incómodas e/ou inaccesibles contarán con mecanismos eléctricos ou mecánicos [non sendo adecuadas as pértigas, bastóns, nin elementos similares] - Existirán elementos de carpintería distintos a portas, que garantan a ventilación, impedindo a fuxida os menores. - Controlarase o asoleamento segundo a orientación e especialmente nas grandes superficies acristaladas. 	
Espazos ao aire libre	Estarase ó establecido para Escolas Infantís	Estarase ó especificado para Escolas Infantís.